



## **EVOLUCIÓN ÍNDICE DE TRANSPARENCIA DE AYUNTAMIENTOS (ITA)**

O “Índice de Transparencia de los Ayuntamientos” (ITA) é un sistema de avaliación ideado pola ONG Transparencia Internacional á fin de medir a calidade e cantidade de datos que os concellos aportan no seu portal de transparencia. Coas notas obtidas en varias cualificacións, elabórase un ránking, unha listaxe ordenada de 0 a 100 onde maior puntuación implica maior nivel de transparencia.

Con inicio no 2008, ao decorrer dos anos foi aumentando o número de concellos do programa e actualmente son avaliados os 110 mais grandes de España máis algúns poucos que se adheriron voluntariamente.



Neste ano 2017 produciuse a derradeira avaliación e por este motivo e tamén para incrementar a publicidade activa que ofertamos no concello, creouse un Grupo Técnico de Traballo de Transparencia e Acceso á Información Pública do Concello de Vigo (Expediente 66/1102). A labor deste grupo foi preparar o Portal de Transparencia e a Sede Electrónica para este exame coa incorporación de novos contidos e revisión dos anteriores de acordo coas directrices previas e aumentando os nosos niveis de transparencia e publicidade o máximo posible.

A avaliación consiste nun total de 80 índices que son puntuados de acordo a seguinte maneira: se son desestimados por incumprimento, se lles outorga 0 puntos, se son estimados pero só parcialmente, se outorga una puntuación de 0,5 puntos, e se se supera, 1 punto.

Estes 80 índices están repartidos en 5 grandes áreas repartidas a súa vez en subáreas de modo que seguen a seguinte estrutura:

- A) TRANSPARENCIA ACTIVA E INFORMACIÓN SOBRE A CORPORACIÓN MUNICIPAL (21)
  - 1. Publicidade activa sobre cargos, persoal e retribucións do concello (8)
  - 2. Publicidade activa sobre a planificación, organización e patrimonio do concello (6)
  - 3. Publicidade activa sobre os órganos de goberno municipais, informes e resolucións xudiciais (7)
- B) PÁXINA WEB, RELACIÓNS COS CIIDADÁNS E A SOCIEDADE, E PARTICIPACIÓN CIIDADÁ (15)
  - 1. Páxina web do concello e servizos municipais (8)
  - 2. Participación cidadá e información de interese para o cidadán (7)



- C) TRANSPARENCIA ECONÓMICO-FINANCIERA (11)
  - 1. Información contable e orzamentaria (6)
  - 2. Transparencia nos ingresos, gastos e débedas municipais (5)
- D) TRANSPARENCIA NAS CONTRATACIÓNS, CONVENIOS, SUBVENCIONS E CUSTOS DOS SERVIZOS (12)
  - 1. Contratacións (7)
  - 2. Convenios, encomendas de gastos e subvencións (3)
  - 3. Subministradores e custos dos servizos (2)
- E) TRANSPARENCIA EN MATERIAS DE URBANISMO, OBRAS PÚBLICAS E MEDIO AMBIENTE (12)
  - 1. Plans de ordenación urbana e convenios urbanísticos (5)
  - 2. información sobre licitacións de obras públicas (4)
  - 3. Urbanismo e obras de infraestrutura (3)
- F) DEREITO DE ACCESO Á INFORMACIÓN (9)
  - 1. Visibilidade, canais e características do acceso á información pública (6)
  - 2. Reclamacións e avaliación do dereito de acceso á información pública (3)

Tras varios meses de traballo, o 07.07.2017 fanse públicos os datos do Índice de Transparencia de los Ayuntamientos (ITA) para o ano 2017, nos que o Concello de Vigo acada unha puntuación de 98,8 puntos sobre 100, o que o sitúa en terceiro lugar no ránking nacional.

Empatados no primeiro lugar un total de 25 concellos cunha puntuación perfecta: Alcobacense, Alacant, Barakaldo, Barcelona, Bilbao, Gasteiz, Getxo, Gijón, Girona, Huelva, Jerez de la Frontera, Las Palmas de Gran Canaria, Las Rozas, León, Lleida, Logroño, Madrid, Manresa, Oviedo, Pozuelo de Alarcón, San Cristóbal de La Laguna, Soria, Terrassa, Torrejón de Ardoz, Torrent e Vitoria-Gasteiz.

Empatados no segundo lugar cunha puntuación de 99,4: Cornellá de Llobregat e Guadalajara.

E no terceiro lugar da lista de tódolos municipios de España atópase o Concello de Vigo, cunha puntuación de 98,8, empatado con: Cáceres, Palma de Mallorca e Valladolid.



**AYUNTAMIENTO DE VIGO**  
**PUNTUACIONES OBTENIDAS EN EL ITA 2017**

ÁREAS DE TRANSPARENCIA	PUNTUACIÓN MEDIA (Entre 1 y 100)
TRANSPARENCIA GLOBAL:	98,8
A) TRANSPARENCIA ACTIVA E INFORMACIÓN SOBRE LA CORPORACIÓN MUNICIPAL	95,2
B) PÁGINA WEB, RELACIONES CON LOS CIUDADANOS Y LA SOCIEDAD, Y PARTICIPACIÓN CIUDADANA	100,0
C) TRANSPARENCIA ECONÓMICO-FINANCIERA	100,0
D) TRANSPARENCIA EN LAS CONTRATACIONES, CONVENIOS, SUBVENCIONES Y COSTES DE LOS SERVICIOS	100,0
E) TRANSPARENCIA EN MATERIAS DE URBANISMO, OBRAS PÚBLICAS Y MEDIOAMBIENTE	100,0
F) DERECHO DE ACCESO A LA INFORMACIÓN	100,0

A puntuación é sen dúbida moi próxima ao 10 e representa o cumio dunha tendencia alcista que avanza cara a perfección, obxectivo que cada vez é mais complicado ao aumentar tamén en cada avaliación as esixencias de Transparencia Internacional, tanto en número como en calidade. As puntuacións do Concello de Vigo sempre foron altas pero a serie temporal desprende unha vontade de mellora continua e un afán liderar e representar a vangarda no eido local e administrativo.

**Cadro comparativo da avaliación de transparencia ITA para o Concello de Vigo**

Evolución comparativa das avaliacións do Concello de Vigo fronte a outros concellos:

	2008	2009	2010	2012	2014	2017
Vigo	80,0	85,0	83,8	65,0	95,0	98,8
Coruña	56,3	86,3	82,5	81,3	81,3	83,1
Ourense	48,6	46,3	56,3	75,0	75,0	71,9
Lugo	61,9	87,5	87,5	86,3	86,3	71,9
Compostela	79,4	88,8	86,3	80,0	80,0	91,9
Pontevedra	69,4	68,8	57,5	61,3	61,3	78,1
Ferrol	25,0	66,3	67,5	78,8	78,8	86,3
Media galega	60,1	75,6	74,4	75,4	79,7	83,1
Media española	52,1	64,0	70,2	70,9	85,2	89,7

